


## REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA


Data: 24/07/2020 9:16:11

SAIDA 8373/20




Reclamante:   
Expediente. Nº **RSCTG 60/2020**

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista á reclamación presentada por  mediante escrito do 25 de Maio de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 21 de xullo de 2020, adopta a seguinte resolución:

### ANTECEDENTES

**Primeiro.**  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 25 de Maio de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 5 de marzo de 2020 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, pola que se inadmite a súa solicitude de acceso a os acordos da comisión avaliadora da citada Dirección Xeral adoptados no concurso xeral de traslados regulado pola Orde do 8 de outubro de 2019, así como os do órgano instrutor correspondente da mesma Dirección Xeral.

A reclamante indicaba que solicitou o acceso a documentos dun expediente administrativo no que consta como interesada e que se lle inadmitiu a solicitude argumentando que se trata de información particular. Considera a interesada que aínda sendo particular, ten carácter de pública e, polo tanto, pode solicitarse polo procedemento previsto na Lei de transparencia.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e asinada mediante certificado dixital, e da resolución impugnada, seu DNI.

**Segundo.** Con data do 26 de maio de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional para que, en



cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 9 de xuño de 2020

**Terceiro.** Con data do 1 de xullo de 2020 Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que con data do 6 de febreiro de 2020 publicouse a Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se resolve provisionalmente o concurso xeral de traslados entre persoal funcionario docente e a interesada, con data do 2 de marzo de 2020 na súa condición de participante no dito concurso, formulou unha solicitude de acceso á información pública cuxo obxecto é ter acceso aos actos de trámite ditados e a determinados documentos que integran o procedemento administrativo en curso.

Polo tanto, e ao abeiro exposto anteriormente, inadmitiuse a solicitude formulada dado que solicitaba o acceso á documentación que forma parte dun procedemento administrativo en curso no que ten a condición de persoa interesada e deuse traslado da solicitude ao departamento competente para resolver de acordo co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

## **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

## **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

## **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, ao interesado notificóuselle a resolución con data do 9 de marzo de 2020 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 25 de maio de 2020, tendo en conta que de acordo co disposto na disposición adicional terceira, do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e a disposición derogatoria única (parágrafo segundo) do Real Decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo citado Real Decreto 463/2020, os prazos administrativo estiveron suspendidos desde o 14 de marzo ata o 1 de xuño de 2020, a reclamación está presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O dereito dos cidadáns de solicitar aos suxeitos incluídos dentro do ámbito de aplicación da Lei básica e da Lei autonómica en materia de Transparencia calquera tipo de información, implica o dereito a recibir unha resposta documentada, completa e satisfactoria, dado que a resposta deste tipo supón unha ferramenta indispensable para poder exercer o control da actuación pública.

No presente caso a interesada solicitou o acceso a determinada documentación dun expediente de concurso de traslados de persoal docente convocado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que se atopaba en curso no momento da súa solicitude, e no que ela participa, polo que ten a condición de interesada.

Tal e como figura no informe da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a reclamante é participante nese concurso, que se atopaba en curso no momento da súa solicitude de acceso á información.

De conformidade co disposto na disposición adicional primeira da Lei 19/2013, debe ser a normativa reguladora dese procedemento administrativo e non a normativa xeral de



transparencia, a aplicable ao acceso por parte de quen teña a condición de interesada no mesmo, polo que procede a inadmisión da reclamación presentada sobre a solicitude de información que forma parte deste expediente.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

### **ACORDA**

**Único:** Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 25 de maio de 2020, contra a Resolución do 5 de marzo de 2020 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, pola que se inadmite a súa solicitude de acceso a os acordos da comisión avaliadora da citada Dirección Xeral adoptados no concurso xeral de traslados regulado pola Orde do 8 de outubro de 2019, así como os do órgano instrutor correspondente da mesma Dirección Xeral.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:  
S6500009C)

Fecha: 2020.07.23 17:36:53 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

**Presidenta da Comisión da Transparencia.**